



**ORDENANZA FISCAL NÚM. 11.**  
**REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE**  
**CONSTRUCCIONS, INSTALACIONES E OBRAS.**

**Artigo 1. Fundamento.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 15.1 e 60.2 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, o Concello de As Somozas establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, dictada o amparo do establecido no artigo 196 de Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

**Artigo 2. Feito imponible.**

1.-Constitúe o feito imponible deste imposto a realización, dentro do término municipal, de calquer construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenzia de obra urbanística, obtívese ou non a devandita licenzia, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

2.-As construción, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

A) Obras de construción de edificacións e instalacións de tódalas clases de nova planta.

B) Obras de demolición.

C) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.

D) Aliñacións e rasantes.

E) obras de fontanería e sumidoiros.

F) Obras de cemiterios.

G) Outras construcións, instalacións ou obras que requirirán licenzia de obras urbanística.

**Artigo 3. Suxeitos pasivos.<sup>1</sup>**

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuintes as persoas físicas, xurídicas ou as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmovible, sobre o que se realicen aquelas.

Para os efectos deste punto terán a consideración de donos das construcións, instalacións ou obras os que soporten os gastos ou custos que comporten a súa realización.

2.- No caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuinte, terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do mesmo, os que soliciten as correspondentes licenzias ou realicen as construcións, instalación ou obras.

---

<sup>1</sup> modificado por acordo plenario do 22.10.03, de aplicación a partir do 01.01.2004

O sustituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

#### **Artigo 4. Base imponible, cota e devengo<sup>2</sup>**

1.- A base imponible do imposto estará constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obras, e se entende por tal, para estes efectos, o custo de execución material de aquela.

Non formarán parte da dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquer outro concepto que non integre o custo de execución material.

2.- A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3.- O tipo de gravame será o **3,5 por 100**.

4.- O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licenzia.

#### **Artigo 4 bis. Bonificaciónes.<sup>3</sup>**

De acordo co establecido no artigo 104.2 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, establécense as seguintes bonificacións:

a) Bonificación de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por fomento de emprego.

Dita declaración corresponderá o Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

b) Bonificación de ata o 50% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes as vivendas de protección oficial.

#### **Artigo 5. Normas de xestión**

1. Cando se conceda a licenzia preceptiva o interesado deberá presentar declaración-liquidación, según o modelo determinado polo Concello e simultaneamente procederá a ingresar a fondos municipais a cota que resulte. Dita declaración presentarase no prazo dun mes a contar dende a data de concesión da licenzia.

A liquidación a que se refire este apartado practicarase empregando como base imponible a que resulte do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente. Noutro caso a base imponible determinarase polos técnicos municipais de acordo co coste estimado do proxecto.

2. Os servizos de urbanismo comunicarán á Sección de Facenda os actos de concesión de licenzia para actividades suxetas a tributación acompañando copia do presuposto presentado polos interesados no proxecto a que se refire a licenzia concedida.

---

<sup>2</sup> modificado por acordo plenario do 22.10.03, de aplicación a partir do 01.01.2004

modificado por acordo plenario do 18/09/13, de aplicación a partir do 01/01/2014

<sup>3</sup> modificado por acordo plenario do 22.10.03, de aplicación a partir do 01.01.2004

3. No caso de que non se executen as obras, construcións ou instalacións o interesado terá dereito á devolución do ingresado unha vez que formule expresa renuncia á licencia ou transcurra o tempo máximo previsto na mesma para a iniciación das obras e consecuentemente, caducara á licencia.

4. Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do coste real e efectivo das mesmas, o Concello mediante a oportuna comprobación administrativa modificará, no seu caso, a base impositiva a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Cando se produza calquer circunstancia que modifique o coste real e efectivo das obras, construcións ou instalación que sirveu de base para a determinación da cota tributaria, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no prazo dun mes, declaración- liquidación complementaria e a ingresar simultaneamente o importe que resulte.

As devolucións, cando procedan, axustaranse ó procedemento establecido para as devolucións de ingresos indebidos.

#### **Artigo 6. Inspección e recaudación.**

A Inspección e recaudación deste imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais disposicións reguladoras da materia, así como na Ordenanza Xeral de Xestión e no Regulamento de Inspección de este Concello

Cando o titular da licencia de obras non presente declaración liquidación do imposto nos termos e cos requisitos previsto no artigo anterior, a Inspección poderá levantar acta con proba preconstituída en base ós documentos que serveron para o outorgamento de dita licencia.

Os Servicios de Facenda e Urbanismo comunicaranse recíprocamente as actuacións nas que se derive o descubrimento das construción, obras ou instalacións executadas sen licencia e que, en consecuencia, non formularan as declaracións e peticións preceptivas.

#### **Artigo 7. Infraccións e sancións.**

En todo o relativo a calificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas corresponde en cada caso, aplicarase o Réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e disposición que a desenrolan, e na Ordenanza Xeral de Xestión.

#### **Disposición Final.**

A presente Ordenanza Fiscal, que consta de sete artigos, foi aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 22 de setembro de 1997, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1998 e aplicarase en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación